



I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

PEREIRO NATURAL

A finalidade do concurso é dar a coñecer diferentes recunchos naturais do noso Concello. As fotografías teñen que ser tomadas en espazos naturais do municipio do Pereiro de Aguiar.

O concurso rexerese polas seguintes **BASES**:

1. **PARTICIPANTES:** Poden participar todas as persoas interesadas, a excepción dos membros do xurado. Cada participante pode presentar un máximo de tres fotografías, pero soamente poderá optar a premio cunha delas.
2. **FORMATO:** As fotografías que se presenten deberán ser orixinais e inéditas. Poderán ser en branco e negro ou cor, e deberán tomadas con cámaras dixitais. Non poderán conter marcas de auga, firma, nin ningún outro elemento que identifique ao participante.
3. **PRESENTACIÓN:** A presentación das fotografías debe ser en formato JPG de alta calidade (suficiente para poder imprimilas nun tamaño de 50x40cm), cun tamaño máximo de 5Mb.

A presentación dos traballos farase por medios electrónicos, enviando o arquivo ao enderezo electrónico:

cultura@concellopereiro.com

No asunto do correo debe aparecer o nome do concurso "*Pereiro Natural*" e deberá conter dous adxuntos: por un lado a fotografía con título da imaxe e noutro adxunto deberán presentarse os datos do participante:

Nome e apelidos, número de teléfono, enderezo electrónico e lugar onde se tomou a mesma.

4. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo ábrese no momento de publicación na páxina web e nas redes sociais do Concello, e remata o 31 de maio de 2021.

5. SELECCIÓN DAS FOTOGRAFÍAS GAÑADORAS

Á hora de valorar, os membros do xurado terán en conta a orixinalidade, estética da fotografía, a técnica e o resultado final.

Cada membro do xurado valorará de 1 a 5 cada fotografía e no caso de





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

empate, farase unha segunda votación.

6. XURADO E FALLO

A participación neste concurso supón a aceptación das bases.

O xurado estará elixido polo Concello, e o fallo será o día 15 de xuño. Os gañadores do concurso comunicaranse mediante vía telefónica aos interesados.

O xurado, de así consideralo, pode deixar os premios desertos, sendo a súa decisión inapelable.

7. PREMIOS

Outorgaranse os seguintes premios:

1º PREMIO: 100 euros e fotografía impresa en cartón pluma en tamaño 50x40cm.

2º PREMIO: 70 euros e fotografía impresa en cartón pluma en tamaño 50x40cm.

3º PREMIO: 50 euros e fotografía impresa en cartón pluma en tamaño 50x40 cm.

8. PROPIEDAD DAS IMAXES

As obras pasarán a formar parte do arquivo do Concello, podendo este publicalas en calquera dos medios oficiais, así como en exposicións ou eventos organizados desde o organismo.

9. MAIS INFORMACIÓN

Calquera información ou aclaración, no enderezo electrónico: cultura@concellopereiro.com ou no teléfono 988.25.98.39.

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O alcalde.

Luís Menor Pérez

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395



Cod. Validación: 724WZLDW9GK9A9XKYS7XX4Q | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2